



Valdoviño



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA VINTE E UN DE SETEMBRO DE DOUS MIL VINTE E TRES.

Expte: 2023/G007/000031

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás nove horas e trinta minutos do día vinte e un de setembro de dous mil vinte e tres, reúnen-se en primeira convocatoria os membros da Xunta de Goberno local; previa convocatoria efectuada regulamentariamente conforme ao resolto en decreto núm. 509 de data 20 de setembro/2023 e baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández: don Sergio Saavedra Gutiérrez e don Benito Manuel Vega Fernández. Non asiste por causas xustificadas dona Rosa Ana García López e dona Tamara Sabín Caamaño.

Actúa como secretaria a que o é da Corporación dona Carlota González Navarro, asistindo ademais, a interventora municipal, dona Elisa Marqués Parrilla.

Despois de aberta pola Presidencia a sesión, ésta celebrase comezando co debate e votación dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 14.09.23 (ORDINARIA).-

O sr. alcalde pregúntalle aos concelleiros se teñen que facer algunha observación á devandita acta, e ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión de 14.09.23 queda aprobada sen ningunha obxección pola Xunta de Goberno Local.

2º.- APROBACIÓN DE GASTOS: RELACIÓN DE FACTURAS Nº F/2023/30.-

PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA

“APROBACIÓN DE GASTOS: RELACIÓN DE FACTURAS Nº F/2023/30.

Elabórase a seguinte relación de facturas que figura co número F/2023/30 e que se remitiu pola Intervención Municipal. A contía total da presente relación de 10 facturas ascende á cantidade de CIENTO SEIS MIL CATROCENTOS VINTE E CATRO EUROS CON TRINTA E OITO CÉNTIMOS CÉNTIMOS (106.424,38 €). As facturas que integran a antedita relación figuran como anexo á proposta.

A Alcaldía, de acordo coas competencias que se atribúen á Alcaldía polo artigo 21, apartado 1.f) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada polas Leis 11/99 e 57/03,

PROPÓN:

PRIMEIRO.- APROBAR a relación de facturas sinalada, F/2023/30 por importe bruto de 106.424,38 euros.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica

O alcalde:

Asdo. D. Alberto González Fernández (*Asdo. dixitalmente*) “

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2023/X999/000128).

3º.- APROBAR A SOLICITUDE DE AXUDAS PARA O FUNCIONAMENTO E FOMENTO DE GRATUIDADE DA ATENCIÓN EDUCATIVA DOS NENOS E NENAS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA EN ESCOLAS INFANTÍS 0-3 PUNTOS DE ATENCIÓN A INFACNCIA DE TITULARIDADE MUNICIPAL PARA O CURSO 2023/2024.-

PROPOSTA DE ALCALDIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL SOBRE A CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA O FUNCIONAMENTO E FOMENTO DA GRATUIDADE DA ATENCIÓN EDUCATIVA DOS NENOS E NENAS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA EN ESCOLAS INFANTÍS 0-3 E PUNTOS DE ATENCIÓN Á INFANCIA DE TITULARIDADE MUNICIPAL PARA O CURSO 2023/24

“Visto o informe do persoal técnico de Servizos Socias, emitido pola educadora social Iria García Martínez, sobre a convocatoria de axudas para o funcionamento e fomento da gratuidade da atención educativa dos nenos e nenas da comunidade autónoma de galicia en escolas infantís 0-3 e puntos de atención á infancia de titularidade municipal para o curso 2023/24 que se transcribe a continuación:

“INFORME SOBRE A CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA O FUNCIONAMENTO E FOMENTO DA GRATUIDADE DA ATENCIÓN EDUCATIVA DOS NENOS E NENAS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA EN ESCOLAS INFANTÍS 0-3 E PUNTOS DE ATENCIÓN Á INFANCIA DE TITULARIDADE MUNICIPAL PARA O CURSO 2023/24

ANTECEDENTES

Con data do 30/08/2023, publícase a ORDE do 10 de agosto de 2023 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para o funcionamento e gratuidade da atención educativa das escolas infantís 0-3 e puntos de atención á infancia de titularidade municipal para o curso 2023/24, e se procede á súa convocatoria.

Segundo o artigo 3.1. poden optar ás axudas os concellos da Comunidade Autónoma de Galicia que se atopen nos supostos seguintes:

- o Ter en funcionamento unha ou varias escolas infantís 0-3 ou un punto de atención á infancia da súa titularidade que dispoña de permiso de inicio de actividades.*
- o Que o centro aplique un réxime de prezos equivalente ao previsto no Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro, polo que se aproba o réxime de prezos das escolas*

infantís 0-3 da Consellería, observando a RESOLUCIÓN do 10 de maio de 2017 pola que se actualizan os prezos das escolas infantís.

- o Que se cumpre ademais, con todas as esixencias fiscais e administrativas contempladas na normativa para entidades locais.

No artigo 7.1. desta orde recolle que os concellos interesados deberán aportar coa solicitude (anexo I) a seguinte documentación específica para a liña 2 (compensación da bonificación do 100 % do prezo correspondente á atención educativa), relación nominal dos nenos/as matriculados na escola infantil 0-3 para o curso 2023/24. As entidades solicitantes da axuda deberán cubrir a dita relación na aplicación informática ESCINF.

Que a convocatoria recolle dúas liñas de axudas:

LIÑA 1, referida a axudas para gastos de mantemento, ten como finalidade contribuír a compensar gastos que se produzan e/ou se aboen desde o 1 de setembro de 2023 ao 31 de agosto de 2024 en gastos de persoal, alimentación e outros gastos xerais do centro.

Os Puntos de Atención á Infancia optan a unha axuda única de 9212 € por este concepto.

LIÑA 2, destinada a compensar estes centros pola aplicación dunha bonificación do 100 % do prezo correspondente á atención educativa e da matrícula dos nenos/as que asisten á escola infantil (en función do número de prazas efectivamente ocupadas e terán unha contía equivalente á do prezo mensual que lle correspondería aboar á familia nunha praza pública segundo o previsto no Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro, e durante un máximo de 11 mensualidades).

Atendendo ao anteriormente exposto, **INFORMO:**

PRIMEIRO- Que no curso 2022-23 o concello solicitou e beneficiouse da dita axuda, asumindo todos os cambios precisos para poder acollerse aos criterios establecidos na orde, en relación á modificación da ordenanza de prezos públicos.

SEGUNDO- Q ue respecto á preinscrición inicial para o curso 2023/24 houbo dúas baixas e cubríronse con familias que estaban en lista de agarda. Actualmente están cubertas as 20 prazas, se ben nun dos casos non se incorporou ao non ter aínda a idade mínima. Non existe neste momento lista de agarda, podendo rexistrarse novas solicitudes ao longo do curso.

TERCEIRO- Que os datos dos nenos e nenas con matrícula para este curso xa están incorporados á aplicación informática ESCINF da Xunta de Galicia.

CUARTO- Que os importes que resultan dos ditos datos poderían variar ao rexistrar modificacións de xornadas das crianzas xa matriculadas.

QUINTO- Que a cantidade subvencionada non cubre a totalidade do gasto que supón o funcionamento do servizo, sendo precisa a aportación municipal da cantidade restante para asumir o prezo do contrato da xestión do Punto de Atención á Infancia.

SEXTO- Que o prazo para solicitar a dita axuda remata o 30 de setembro, sendo preciso aceptar expresamente as condicións de financiación e demais requisitos establecidos na convocatoria e aprobar a solicitude da mesma polo órgano competente.

Para que conste aos efectos oportunos

Asinado dixitalmente, en Valdoviño, na data que figura na marxe do documento, pola Educadora social do Departamento de Servizos Sociais Comunitarios.”

En virtude das atribucións que me confire a vixente lexislación de Réxime Local como alcalde,

PROPOÑO:

á Xunta de Goberno Local aprobar a solicitude de axudas para o funcionamento e fomento da gratuidade da atención educativa dos nenos e nenas da Comunidade Autónoma de Galicia en Escolas Infantís 0-3 e Puntos de Atención á Infancia de titularidade municipal para o curso 2023/24 e aceptar expresamente as condicións de financiación e demais requisitos establecidos na convocatoria.

Así o acordo, mando e asino na data que figura á marxe

O Alcalde

Asdo. Alberto González Fernández ”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2023/A008/000007).

4º.- SOLICITUDE AMPLIACIÓN PRAZO EXECUCIÓN DE OBRA: “REPARACIÓN DE ESTRADAS EN XAVARIZ, VILARRUBE, AVIÑO, ETC”.-

“Expte.: 2022/C003/000002

En data 19.09.23 e con núm. de rexistro 202399900001505, don Jose No Varela, actuando en representación da empresa “JOSE NO MANTIÑAN E HIJOS CONSTRUCCIONES SA”, NIF A-15013162, presenta escrito de petición de prórroga por prazo de UN MES para a execución da obra “Reparación de estradas en Xavariz, Vilarrube, Aviño, etc” da que dita empresa é adxudicataria.

Xustifica a súa petición debido a:

- Coordinación cos traballos realizados por Viaqua de canalización de tubaxes na rúa Pintor Imeldo Corral.
- Malas condicións meteorolóxicas das últimas semanas, polo que non se puideron realizar os traballos de pavimentación con aglomerado da rúa Pintor Imeldo Corral.

CONSIDERANDO que o artigo 195.2 da LCSP dispón que: *“Se o atraso se produce por motivos non imputables ao contratista e este ofrece cumprir os seus compromisos se lle amplía o prazo inicial de execución, o órgano de contratación concederallo dándolle un prazo que será, polo menos, igual ao tempo perdido, a non ser que o contratista pida outro menor.”*

Esta Alcaldía en uso das atribucións conferidas pola lexislación vixente PROPÓN ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

Primeiro.- Acceder á petición formulada e así pois, aprobar a ampliación de prazo solicitado de un mes na execución das obras. O acta de reformulo foi celebrada en data 25.04.23 e a duración da obra de 5 MESES, a cal finaliza o 24.09.23. A nova data de remate da obra é o 24 de outubro de 2023.

Segundo.- Notificar o acordo á adxudicataria “JOSE NO MANTIÑAN E HIJOS CONSTRUCCIONES SA” así como ao Director da Obra, para o seu coñecemento e efectos.

/ASINADO ELECTRONICAMENTE POLO SR ALCALDE/”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2022/C003/000002).

5º.-.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formularon rogos nen preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde en funcións levantou a sesión, ás nove horas e corenta e cinco minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, CERTIFICO o contido da presente acta.

/Documento asinado na marxe esquerda do mesmo pola secretaria municipal e polo sr. alcalde/